



O-BM COIRÓS (Espanuca)

2ª proba puntuable para a III Liga Galega de Orientación en Bicicleta de Montaña

17 outubro e 2015

ORGANIZA:

CLUB BRIGANTIA AVENTURA



DATOS XERAIS:

DATA: 17 de outubro de 2015

HORARIO: 9:00.- Apertura de Secretaría
10:30.- Saída do primeiros orientadore
14:00.- Peche de meta

MAPA: ESPENUCA (Coirós). Actualización: maio 2015
Escala 1:10.000 e 1:15.000
Equidistancia: 10 metros

CÓMO CHEGAR:

UTM: 43.257991 -8.151677

Copiando as coordenadas UTM e pegándoas no buscador de Google Maps, xa vos aparece o punto de saída. Despois só tedes que pulsar en “Como Chegar” e poñer o lugar de onde saídes e xa tedes a ruta a seguir.

PERCORRIDOS:

Para participar nas categorías oficiais, hai que estar en posesión da licenza federativa correspondente, emitida pola Federación Española de Deportes de Orientación. Son válidas para este tipo de carreiras as licencias de RAID, O-PÉ e O-BM. O resto dos participantes, deben inscribirse nas categorías de Iniciación Curta ou Iniciación Longa.

CATEGORÍA	ANO NACEMENTO
Iniciación Curta	Indiferente
Iniciación Longa	Indiferente
Cadete	99 ou posterior
Junior	95 ao 98 (incluídos)
Senior	Indiferente
Veteranas/os A	1975 ou anterior
Veteranas/os B	1965 ou anterior



Aquelas/es deportistas federados que queiran puntuar para o ranking da Liga Galega de O-Bm deberán levar nun lugar visible o seu número de dorsal.

INSCRICIÓN:

Faranse a través do sistema de inscrición da FEGADO, dende a súa páxina www.fegado.es

- **Os deportistas xa dados de alta na intranet**, deberán seleccionar o evento, marcarán a categoría na que desexen competir e confirmarán a súa inscrición.
- **Os deportistas que non están dados de alta na intranet**, teñen que crear un perfil na mesma, seguindo as instrucións da propia web. Aconséllase a estes participantes que contacten con algún club para canalizar as inscricións a través dos mesmos.

PREZOS DAS INSCRICIÓN		
FEDERADOS	NON FEDERADOS Inclúe seguro federativo de 1 día	
4 €	INIC. CORTA	INIC. LONGA
	6€	8€

Para o sistema de control de tempos (cronometraxe), utilizarase o SPORTIDENT. Nos datos de inscrición hai que indicar o número de pinza/tarxeta SI. A todo aquel que no indique este dato, asignaráselle unha pinza de aluguer, que se deberá coller na zona de secretaría o día da proba. O prezo do aluguer é de 3€, que se sumará a cota de inscrición de cada participante. A perda da pinza/tarxeta SI suporá o pago do seu custo (30€)

O ingreso da cota de participación realizarase mediante un ingreso na conta bancaria do club:

TITULAR: Club Brigantia Aventura

IBAN: ES51 2100 4773 30 0200107413

CONCEPTO: OBM+ nome do club (ou participante non federado)

Unha vez realizado o pago, hai que enviar copia do xustificante bancario ao e-mail do club (clubbrigantiaaventuramail.com)